

**MODIFICACIÓN
DA
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DO
DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA CASTELÁ.**

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación será continua e terá carácter formativo e orientador, permitindo detectar as dificultades no momento no que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de reforzo ou ampliación. A avaliación é, ante todo, un proceso para obter información, que, unha vez analizada, permita tomar decisións correctas para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe e corrixir aqueles problemas detectados, tanto no progreso do alumnado, como na metodoloxía empregada, nos obxectivos propostos, nos contidos e nos propios criterios de avaliación seleccionados. A avaliación ten que ser útil para o profesorado, pois debe permitirlle coñecer a evolución na aprendizaxe dos alumnos, descubrir os posibles problemas e establecer as medidas para corrixilos. Por todo isto, hai que buscar uns instrumentos de avaliación adecuados á metodoloxía empregada na aula, e aos diferentes tipos de contidos, e que, ao mesmo tempo, aporten unha información significativa para o alumno e para o profesor. Todo isto fai necesario recorrer a uns instrumentos variados, flexibles e abertos que contemplan non só o estado de habilidades do alumno, senón tamén a súa evolución. Estes instrumentos variarán dependendo dos distintos contidos que se pretendan traballar e dos obxectivos que se queiran alcanzar:

 Observación sistemática:

A través deste instrumento o profesorado pode avaliar contidos de todo tipo: participación na clase, traballo individual e en grupo, capacidade de observación e atención, constancia e tenacidade no traballo diario, intervencións na clase, participación en actividades de grupo, expresión oral e escrita, interese e curiosidade polos contidos... A recollida de información pódese realizar de diferentes formas, empregando unhas ou outras segundo o

tipo de contidos que se traballen: diagramas de observación, caderno de seguimento de alumnos ou diario de clase.

Caderno de clase:

É o instrumento de traballo básico do alumnado e polo tanto un documento valioso de avaliación. Nel pódese reflectir o uso de fontes de información, a expresión escrita, a constancia no traballo diario, a orde, a limpeza, a elaboración de esquemas, resumos, mapas conceptuais, a corrección de erros, o uso do dicionario, a ampliación do vocabulario, a ortografía, a presentación... O alumnado debe levalo a clase diariamente e telo sempre dispoñible para a súa revisión.

Rúbricas:

Para a avaliación de tarefas e produtos, os profesores poderán elaborar rúbricas con descritores de competencias coas que medir a implicación e o esforzo do alumno así como a calidade dos distintos traballos.

Probas escritas:

Estas probas poden ser moi variadas, dependendo do tipo de contido que se queira avaliar. Débense buscar probas adecuadas á metodoloxía empregada, que supoñan un exercicio de síntese, de comparación, de resolución de problemas, de análise, de capacidade crítica... É necesario para o alumno que se enfrenta a este tipo de probas exercitar a memorización de determinados contidos, pero tamén, ou sobre todo, desenvolver outras capacidades como a comprensión e a expresión. Estas probas están especialmente indicadas para a asimilación e comprensión dos contidos específicos da área.

En principio, levaranse a cabo as probas escritas que cada profesor considere oportuno en cada trimestre, e a natureza das mesmas serán decidida polo profesor: preguntas de resposta curta, longa, de reflexión, tipo test,....

Probas orais:

Levaranse a cabo en forma de exames orais dos apartados reflexivos da materia, debates, exposicións, entrevistas sobre as lecturas obrigatorias e optativas e postas en común diversos temas ou as lecturas.

Fichas de lectura:

Permiten coñecer a capacidade de análise e comprensión do alumnado sobre a lectura. O alumno realizará unha ficha ou *lapbook* de cada unha das súas lecturas se o profesor o require, independentemente de se trate de lecturas trimestrais ou de carácter optativo. As fichas de lectura poden ser recollidas en formatos diferentes: ficha según o modelo entregado polos profesores, reseña ou *booktrailer*. A avaliación das lecturas obrigatorias farase mediante unha proba de comprobación. Dita proba poderá ter carácter oral ou escrito.

Autoavaliación:

O alumnado pode realizar a súa autoavaliación ao finalizar cada unidade didáctica e cada trimestre. Unha das actividades das que se poden obter datos reveladores neste sentido pode ser a cumprimentación dun cuestionario no que cada alumno indique o seu grado de satisfacción con respecto ao proceso: se cre que aprendeu suficientemente, que grado de dificultade ten para el a materia, que dificultades atopa ao traballar determinados contidos, cal considera que foi o seu rendemento, cales poderían ser as causas dun rendemento insatisfactorio, se recibiu instrucións claras e completas, que suxestións aporta ou que compromisos se fixa no caso de que queira mellorar. A autoavaliación será especialmente útil ao finalizar un traballo en grupo para reflexionar sobre a dinámica.

En función do grao de cumprimento dos estándares establecidos ponderarase o resultado numérico co obxectivo de establecer a calificación de cada avaliación e a nota final alcanzada polo alumno. Dita ponderación seguirá o especificado no seguinte apartado.

Probas a través da Aula Virtual:

Dado o posible carácter non presencial de parte del Curso, poderánse facer probas avaliáveis a través da Aula Virtual (tanto en periodo presencial,

como non presencial). Tamén poderanse utilizar outros instrumentos en rede que permitan a execución de test ou probas avaliáveis.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

O curso divídese en tres avaliacións e a calificación de cada unha delas responderá as seguintes porcentaxes en todos os cursos de ESO:

PROBAS OBXECTIVAS: 70%

Poden ser de carácter escrito ou oral. Están ideadas para fixar os contidos de memorización e reflexión persoal.

Nestes exames establecerase unha penalización de 0,1 por cada falta de ortografía, puntuación ou escritura incorrecta, ata un máximo de 2 puntos.

A mala presentación tamén poderá ser penalizada con ata 1 punto máis.

A nota deste epígrafe obtense da media aritmética de todas as probas feitas en cada avaliación, agás que o profesor informe ao alumnado dunha ponderación diferente das distintas probas feitas, segundo o peso dos contidos incluído en cada unha delas.

LECTURAS: 10%

Nesta porcentaxe inclúense as lecturas de carácter obrigatorio, avaliadas a través de probas escritas ou orais de comprobación, fichas de lecturas, traballos de investigación, *lapbook*, *booktrailer* ou/e *booktuber*.

A calificación trimestral poderase ver incrementada en ata **un punto** polo programa de lecturas optativas (a razón de +0,5 por cada lectura), bonificadas segundo a súa complexidade e avaliadas a través dunha entrevista coa profesora ou coa presentación dun traballo escrito. A entrevista consistirá nunha serie de preguntas clave sobre a lectura escollida. O traballo escrito será pactado previamente co profesor sobre o tema ou temas principais da lectura. Tanto a escolla da lectura como o instrumento avaliador son negociados previamente co alumnado. Esta bonificación de ata 1 punto aplicarase **sempre**

que o alumno alcance como mínimo un 4, 5 sobre 10 na calificación media da avaliación.

TRABALLOS INDIVIDUAIS OU GRUPAIS, FOMENTO DA ORALIDADE, TRABALLO DA COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA E ACTITUDE: 20%

A nota deste epígrafe obtense da media ponderada de todos os traballos feitos en cada avaliación, informando o profesor de tal ponderación ao alumnado, segundo a importancia de cada un deles no peso da nota final.

Dada a importancia da oralidade, esta será unha parte fundamental da materia, xa que non só forma parte do primeiro bloque de nosa asignatura, senón que afecta ao día a día da materia en todas as súas vertentes. Poderá ser avaliada en forma de exposicións, exames orais, debates, participación activa na aula, etc., e será traballada tanto individualmente como en parellas ou grupos, sempre e cando a situación sanitaria o permita.

Non menos importante é, neste apartado, a comprensión e expresión escrita, cuxa avaliación pode facerse a través de traballos escritos grupais ou individuais, así como redaccións ou talleres de escritura diversos.

INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN:

PROBAS OBXETIVAS: 70% (Véase apartado da materia *Lingua e Literatura Castelá*)

TRABALLOS INDIVIDUAIS OU GRUPAIS, FOMENTO DA ORALIDADE E TRABALLO DA COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: 30% (Véase apartado da materia *Lingua e Literatura Castelá*)

LATÍN

PROBAS OBXETIVAS: 70% (Véase apartado da materia *Lingua e Literatura Castelá*)

TRABALLOS INDIVIDUAIS OU GRUPAIS, FOMENTO DA ORALIDADE E TRABALLO DA COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: 30% (Véase apartado da materia *Lingua e Literatura Castelá*)

Considerarase superada a avaliación cando o alumno obteña unha calificación igual ou superior a 5,00 puntos unha vez feita a media ponderada dos diferentes apartados.

Se a media ponderada dos distintos apartados é igual ou inferior a 4,99, a nota no boletín será 4 ou menos, segundo corresponda.

En principio non haberá recuperacións das avaliacións non superadas. O alumno que teña unha avaliación ou máis suspensas, terá a oportunidade de recuperalas no exame global que será convocado en xuño.

Calificación da avaliación final:

A calificación final ordinaria obterase da media aritmética do resultado final das tres avaliacións. Queda a disposición de cada profesor do Departamento a posibilidade de que todo o alumnado faga o emaxe global da materia, en vistas a que poida favorecer a media final do alumnado coa materia superada. No caso de ter suspensa a materia, a calificación final dependerá do resultado de dito exame global marcado para xuño. Do mesmo xeito, todo o profesorado deste departamento ofrecerá actividades de ampliación en xuño que poidan axudar a aumentar dita media final. Para iso, deberá mostrarse interese nas actividades de clase, así como entregar en data todos os traballos solicitados. Ben sexa a través dun exame global, ben a través de actividades de ampliación, a media final das persoas que xa tivesen o curso aprobado poderá aumentar até nun punto.

A proba escrita de xuño será calificada de 0 a 10 puntos. Considerárase superada a materia cando o alumno obteña unha calificación igual ou superior a 5 puntos. Durante o periodo de repaso e preparación do exame extraordinario o profesor poderá pedir ao alumnado a realización dalgunhas tarefas de repaso e reforzo que axuden ao alumnado coa materia suspensa á recuperación da mesma. A realización de ditas tarefas non exime da realización do exame de recuperación final.